



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA, A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, A UNIVERSIDADE DA CORUÑA, A UNIVERSIDADE DE VIGO E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS RELATIVO Á POSTA A DISPOS DA REDE CEMIT PARA FACILITAR A REALIZACIÓN DOS EXAMES CORRESPONDENTES AO CURSO UNIVERSITARIO

En Santiago de Compostela,

REUNIDOS

D^a. Mar Pereira Álvarez, directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, actuando en nome e representación de dita Axencia (co NIF Q1500382E), en virtude das facultades que lle confire o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos e o Decreto 91/2012, do 16 de marzo, polo que se nomea directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia a Mar Pereira Álvarez e o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado por resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

D. Antonio López Díaz, en calidade de Reitor da Universidade de Santiago de Compostela, con sede no Colexio de San Xerome, Praza do Obradoiro, s/n,15782 Santiago de Compostela e con CIF Q1518001A.

D. Julio E. Abalde Alonso, en calidade de Reitor da Universidade da Coruña con sede na Rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña e con CIF Q6550005J.

D. Manuel Joaquín Reigosa Roger, en calidade de Reitor da Universidade de Vigo con sede en Edificio Exeria, Campus de Vigo, 36310 Vigo e con CIF Q8650002B

D. Alberto Varela Paz, na súa condición de Presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (de aquí en diante FEGAMP), con NIF nº V15160963, actuando en nome e representación daquela, segundo prevén os seus estatutos.



Interveñen en función dos seus respectivos cargos no exercicio das atribucións que teñen conferidas no nome das entidades que representan e,

EXPOÑEN

Primeiro.- A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en adiante Amtega) é unha axencia pública autonómica encadrada nas entidades instrumentais do sector público autonómico reguladas no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, tal e como se recolle no Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos.

A Amtega está adscrita á Presidencia da Xunta de Galicia e conta con personalidade xurídica diferenciada respecto da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, patrimonio e tesouraría propios e autonomía de xestión nos termos establecidos pola normativa vixente e ten como obxectivos básicos a definición, o desenvolvemento e a execución dos instrumentos da política da Xunta no ámbito das tecnoloxías da información e comunicacións, e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico.

Os seus estatutos atribúenlle, entre outras, as seguintes competencias e funcións: a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e o deseño e liderado de iniciativas que contribúan a impulsar o desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia, garantindo os dereitos da cidadanía e eliminando as barreiras que se opoñan á expansión e ao uso das novas tecnoloxías.

Segundo- Que as tres Universidades galegas asumen e desenvolven as súas funcións como servizo público esencial á comunidade, mediante o estudo, a docencia e a investigación.

Terceiro- Que a Federación Galega de Municipios e Provincias ten, entre os seus fins, promover, representar e defender os intereses das Entidades Locais ante outras Administracións Públicas, conforme o disposto no artigo 6.1, letra b) dos seus Estatutos.



Cuarto- Que no momento actual de crise sanitaria derivada do virus SARS-CoV-2 e da enfermidade COVID-19, a Xunta de Galicia e as universidades galegas adoptaron diversos protocolos e medidas de seguridade coa finalidade de evitar a propagación do virus. Concretamente no ámbito universitario procedeuse á suspensión da actividade docente presencial e tomouse a decisión de rematar o curso 2019/2020 de forma non presencial, tanto para o período de docencia como para o de avaliación.

Ante esta situación faise necesario garantir que o alumnado das universidades galegas conta cos medios necesarios para realizar a avaliación das súas materias na modalidade non presencial.

Quinto - Que neste contexto, a Amtega, as tres Universidades galegas e a FEGAMP están interesados en impulsar actuacións orientadas a garantir que todos os estudantes das universidades galegas poidan realizar os seus exames sen necesidades de desprazarse fisicamente ás facultades.

Sexto - O Goberno galego a través da Axenda Dixital de Galicia 2020, liderada pola Amtega e aprobada no Consello da Xunta de Galicia o 30 de abril de 2015, ten o obxectivo de impulsar un modelo de crecemento baseado na economía dixital, que contribúa a dar resposta a desafíos aos que se enfronta Galicia en todas as áreas de desenvolvemento.

Sétimo- Que o Consello da Xunta de Galicia adoptou, con data 25 de febreiro de 2010, o Acordo para a posta en marcha da Rede de Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica (Rede CeMIT). En cumprimento das previsión recollidas no acordo mencionado, levouse a cabo a fase consistente na posta en marcha da Rede CeMIT con presenza en 92 concellos, pertencentes a 53 comarcas, coa finalidade de coordinar as actuacións das distintas aulas públicas de acceso a internet dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia dirixidas a acadar a alfabetización dixital da sociedade galega e o desenvolvemento da Sociedade da Información.

Actualmente, a Rede CeMIT continúa operativa, sendo un elemento esencial para a articulación do Plan de Inclusión Dixital de Galicia, probado o día 21 de abril de 2016 en Consello de Xunta, asume o desafío establecido na Axenda Dixital de Galicia 2020 de avanzar da "alfabetización á autonomía dixital".





Tendo en conta o anterior, a Amtega, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña, a Universidade de Vigo e a Federación Galega de Municipios e Provincias manifestan a súa vontade de colaboración e con tal finalidade acordan subscribir o presente Convenio de Colaboración con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto sentar as bases da colaboración entre a Amtega, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña, a Universidade de Vigo e a Federación Galega de Municipios e Provincias para a posta a disposición das tres universidades galegas da Rede de Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica (Rede CeMIT) coa finalidade de facilitar a realización dos exames correspondentes ao curso universitario.

SEGUNDA.- Obrigas das partes

Co fin de garantir a execución do obxecto do presente convenio, todas as partes terán a obriga de colaborar activamente para a consecución do seu obxecto. Polo tanto, os compromisos adquiridos polas partes serán:

a. Obrigas da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

A Amtega colaborará activamente para a consecución do obxecto do presente convenio e a tal fin asume como obrigas as seguintes:

- Colaborar coa Federación Galega de Municipios e Provincias e coas tres universidades galegas na definición, difusión e posta en marcha das actuacións que constitúen o obxecto do presente convenio.

- Poñer a dispor das tres universidades galegas a Rede de Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica (Rede CeMIT), coa finalidade de facilitar a realización dos exames correspondentes ao curso universitario.

- Facer constar a presente iniciativa na programación da Rede CeMIT coa finalidade da súa avaliación para os efectos do mantemento ou, de ser o caso, obtención da condición de "aulas de referencia".





b. Obrigas da Federación Galega de Municipios e Provincias

A Federación Galega de Municipios e Provincias colaborará activamente para a consecución do obxecto do presente convenio e a tal fin asume como obrigas as seguintes:

- Colaborar coa Amtega e coas tres universidades galegas na definición, difusión e posta en marcha das actuacións que constitúen o obxecto do presente convenio.
- Comunicar a presente iniciativa ás entidades locais que dispoñan de aulas integrantes da Rede CeMIT e, de ser o caso, recabar a súa conformidade para a súa participación nela mediante a posta a dispor das aulas de que sexan titulares nos termos fixados na cláusula terceira do presente convenio.
- Desenvolver unha comunicación centralizada coas entidades locais participantes na presente iniciativa.

c. Obrigas das universidades galegas

A Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo comprométense a realizar as actuacións necesarias para o correcto desenvolvemento do presente convenio. Neste senso, cada unha das tres universidades galegas comprométense a:

- Colaborar coa Amtega, coa Federación Galega de Municipios e Provincias e coas restantes universidades galegas na definición, difusión e posta en marcha das actuacións que constitúen o obxecto do presente convenio.
- Difundir e promocionar as actuacións derivadas do presente convenio que resulten de potencial interese para o estudantado universitario galego favorecendo o seu acceso ás mesmas.
- Organizar, dirixir e desenvolver a realización das probas, asumindo a responsabilidade das incidencias que poidan xurdir no seu desenvolvemento, nomeadamente ante os posibles fallos de conectividade que poidan xurdir durante a celebración das probas.
- Difundir entre o alumnado universitario as obrigas, requisitos e procedemento para a utilización das aulas da Rede CeMIT, que figuran como Anexo I do presente convenio.



TERCEIRA.- Requisitos e compromisos das entidades locais participantes na iniciativa

As entidades locais que dispoñan de aulas integrantes da Rede CeMIT poderán participar nesta iniciativa sempre que dispoñan de axente TIC ou responsable da aula CeMIT, coa finalidade de poder asesorar aos universitarios/as para que dispoñan de conexión a Internet durante a súa estancia na aula.

As entidades locais que dispoñan de aulas integrantes da Rede CeMIT e que estean interesadas en participar na presente iniciativa amosarán a súa conformidade mediante escrito dirixido á Federación Galega de Municipios e Provincias no que expresamente asumirán os compromisos seguintes:

- Poñer a dispor as aulas das que sexan titulares para a realización dos exames correspondentes ao curso universitario. Para estes efectos, as aulas deberán permanecer abertas a dispor das tres universidades galegas durante os meses de xuño e xullo, sen que nas datas de exames poidan levarse a cabo actividades distintas ás vinculadas á realización das probas.

- Xestionar a reserva das aulas por parte dos alumnos interesados nos termos que figuran no anexo I do presente convenio para os efectos da realización das probas, limitándoa ao aforo que resulte da aplicación das normas e recomendacións sanitarias.

- Proceder en todo momento ao cumprimento das normas e recomendacións sanitarias, debendo desinfectar a aula con anterioridade ao comezo das probas.

- A través do axente TIC ou responsable da aula CeMIT, asesorar aos universitarios/as para que dispoñan de conexión a Internet durante a súa estancia na aula, sen que isto implique responsabilidade ningunha ante os posibles fallos de conectividade que poidan xurdir durante a celebración das probas.





- A través do axente TIC ou responsable da aula CeMIT, cumprimentar a asistencia en XEA e pechar a actividade para garantir un correcto cómputo da participación nesta iniciativa.

- Cumprir as restantes obrigas derivadas do presente convenio e do protocolo que figura como anexo I.

Coas medidas contidas no presente Convenio, destinadas á posta a disposición das aulas da Rede CeMIT para o seu uso como punto de conexión para a realización de exames do alumnado universitario galego, establécese que:

- As actividades realizadas nas aulas CeMIT no marco do presente Convenio, computarán o dobre a efectos de avaliación do nivel de actividade de cada centro para manter ou, de ser o caso, obter a consideración de aulas CeMIT de Referencia segundo o "Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias como entidade colaboradora na xestión de subvención e para o desenvolvemento do Plan de Inclusión Dixital no eido da administración local" e a súa "I Addenda".
- Para garantir o cómputo das actividades realizadas nas aulas CeMIT, así como os usuarios e usuarias de ditas actividades, será necesario rexistralo na plataforma de xestión das aulas CeMIT (XEA) coa salvedade de que, para as actividades realizadas no marco do presente Convenio, non se esixirá que cumpran co requisito dun mínimo de 3 asistentes para o cálculo do nivel de actividade esixido para ser aula CeMIT de Referencia.

CUARTA.- Financiamento

O presente convenio non comporta obrigas económicas para as partes asinantes.

QUINTA.- Comisión de seguimento

Para velar polo cumprimento do estipulado, constituirase unha comisión de seguimento da execución do convenio, formada por tres representantes da Amtega, un



representante de cada unha das tres universidades galegas e dous representantes da Federación Galega de Municipios e Provincias. Esta Comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, promovendo, se o considera adecuado, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento.

Esta comisión estará presidida por un dos representantes da Amtega, que terá voto de calidade, e reunirse en tódalas ocasións que se estimen oportunas.

A Secretaría da Comisión de Seguimento será exercida por un dos representantes da Federación Galega de Municipios e Provincias.

SEXTA.- Causas de resolución do convenio de colaboración

O presente convenio resolverase polo incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.

Así mesmo, poderá resolverse por denuncia unilateral dalgunha das partes, previa comunicación ás outras partes cun mes de antelación, cando concorra algunha das seguintes causas:

- a)** Por imposibilidade de cumprimento do obxectivo perseguido
- b)** Incumprimento por algunha das partes de calquera das súas obrigas
- c)** Causas excepcionais que obriguen a modificar substancialmente o obxecto do presente convenio.
- d)** Imposibilidade material de executar o obxecto do Convenio por circunstancias excepcionais, que impidan o cumprimento dos compromisos adquiridos no mesmo.

SÉTIMA.- Publicidade

As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo





que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

OITAVA.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto deste convenio e a Xunta de Galicia ou a Amtega, de tal modo que non se poderá esixir a estas responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos que teñan lugar durante o desenvolvemento do convenio.

NOVENA. - Protección de datos

O tratamento dos datos persoais que precisen as partes que asinan o presente Convenio, suxeitarase ao disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, no Regulamento Europeo 2016/679 de 27 do abril e as normas que as desenvolven.

DÉCIMA.- Desenvolvemento

O presente convenio poderá ser obxecto de desenvolvemento a través das correspondentes adendas ao mesmo, nas que se determinarán as concretas actuacións a realizar e, de ser o caso, os créditos destinados a financiarlas.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2020, sen prexuízo da súa prórroga mediante acordo expreso das partes por períodos de seis meses ata un máximo de dúas anualidades.

DÉCIMO SEGUNDA.- Exención de responsabilidade

As universidades promotoras das probas que se realicen ao abeiro do presente convenio serán responsables da realización das mesmas, sen que poida esixirse responsabilidade ningunha ás restantes partes asinantes derivada das incidencias que poidan xurdir durante á súa celebración, nomeadamente ante os posibles fallos de conectividade que poidan acontecer.



DÉCIMO TERCEIRA.- Natureza xurídica e resolución de conflitos

Mediante a sinatura do presente Convenio, as partes comprométense a resolver de mutuo acordo as incidencias que poidan xurdir no seu cumprimento.

O presente convenio ten natureza administrativa, e como tal excluído do ámbito de aplicación da Lei de contratos do sector público, se ben se observarán os seus principios para a resolución das dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Rexerase polas súas propias cláusulas e supletoriamente, polas normas xerais do dereito administrativo.

As cuestións litixiosas que xurdan entre as partes durante o desenvolvemento e execución do presente Convenio e non poidan ser resoltas pola Comisión de Seguimento prevista na cláusula sexta, someteranse á xurisdición contencioso-administrativa, conforme ao disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

E en proba de conformidade, asinan o presente convenio, no lugar e data de encabezamento.

Mar Pereira Álvarez

Directora da Axencia para a
Modernización Tecnolóxica
deGalicia

Antonio López Díaz

Reitor da Universidade de
Santiago de Compostela

Julio E. Abalde Alonso

Reitor da Universidade da
Coruña

Manuel Joaquín Reigosa

Reitor da Universidade de
Vigo

Alberto Varela Paz

Presidente da Federación
Galega de Municipios e
Provincias

Roger





ANEXO I

PROTOCOLO RELATIVO Á UTILIZACIÓN DAS AULAS DA REDE CEMIT PARA A REALIZACIÓN DE EXAMES UNIVERSITARIOS

1. Alcance do protocolo e obxectivos

Este protocolo, establece e detalla os procedementos necesarios para a realización dos exames universitarios na Rede de aulas CeMIT por parte do alumnado das universidades galegas.

Concretamente, ao longo deste protocolo estableceranse as pautas a realizar por parte de cada un dos axentes involucrados no proceso, co obxectivo de garantir o correcto uso da Rede CeMIT, así como asegurar a dispoñibilidade de espazo e conectividade para a realización dos exames por parte do alumnado das universidades galegas.

2. Ámbito de aplicación do protocolo

O presente protocolo está destinado ao alumnado universitario das facultades galegas que precise realizar os exames de forma telemática e opta por empregar a Rede de aulas CeMIT.

Este protocolo tamén está dirixido tanto á Oficina de coordinación CeMIT como aos responsables das aulas CeMIT ou axentes TIC para que dispoñan das pautas para poder xestionar adecuadamente os espazos en aliñamento coas necesidades dos universitarios/as galegos/as que precisen das aulas e ofrecer o asesoramento necesario para garantir a conectividade para realizar os seus exames.

3. Persoal intervinente

O alumnado das facultades galegas contará co apoio do responsable da aula CeMIT ou axente TIC, quen se encargará exclusivamente de xestionar os espazos e as reservas de prazas para facilitar a realización dos exames da universidade na Rede CeMIT, así como asesorar aos universitarios/as para que dispoñan de conexión a Internet durante a súa estancia na aula, sen que isto implique responsabilidade ningunha ante os posibles fallos de conectividade que poidan xurdir durante a celebración das probas. Adicionalmente, a Oficina CeMIT encargárase de facer o seguimento da iniciativa.





4. Consideracións e premisas previas

A continuación, detállanse as premisas de partida no caso de que os universitarios/as das facultades galegas empreguen a Rede de aulas CeMIT para realizar os seus exames:

1. Establecerase, en colaboración coa Fegamp, un compromiso previo por parte das entidades locais que contan cunha aula integrante da Rede CeMIT para participar neste servizo de poñer a disposición dos estudantes universitarios galegos a aula CeMIT para a realización dos seus exames.
Neste compromiso, os concellos deberán garantir a apertura da aula no horario concreto que figure no seu compromiso de participación nesta iniciativa, así como a disposición dunha persoa responsable da aula exclusivamente para a xestión do espazo, reserva de praza e asesoramento aos universitarios/as para que dispoñan de conexión a Internet durante a súa estancia na aula durante a celebración das probas, do 1 de xuño de 2020 ao 31 de xullo de 2020. Adicionalmente, os concellos participantes facilitarán o horario da súa aula, o nome da persoa responsable institucional do concello así como o axente TIC da aula CeMIT e as vías de comunicación dispoñibles con estas persoas: teléfono fixo, móbil, correo electrónico, etc.
2. As aulas porán a disposición do alumnado universitario das universidades galegas, o seu horario de apertura para a realización dos exames, sen prexuízo de programación habitual nas datas nas que non existan probas universitarias a realizar.
A posibilidade de utilización de cada aula CeMIT para a realización de exames universitarios estará supeditada ao horario de apertura da dita aula, deixando os primeiros 30 minutos para xestionar a configuración dos ordenadores e asegurar a conectividade a través da Wifi da aula.
3. A Fegamp e a Amtega informarán ás universidades da listaxe de aulas CeMIT coas que haxa un acordo previo para que os universitarios/as poidan realizar os exames, así como o horario dispoñible e o horizonte temporal no que as aulas estarán dispoñibles. A dita relación estará dispoñible e actualizada no enderezo <https://cemit.xunta.gal>.
4. As aulas CeMIT participantes seguirán en todo momento as recomendacións das autoridades sanitarias en canto ao porcentaxe de ocupación e as limitacións de aforo establecidas así como as medidas de seguridade (distancias de 2 metros, emprego de medidas de hixiene e mecanismos de protección).
5. O alumnado universitario que faga uso da Rede de aulas CeMIT empregará o seu propio dispositivo e dende a Rede CeMIT facilitarase exclusivamente a conectividade necesaria para realización das probas.

5. Detalle do protocolo

As facultades das universidades galegas porán a dispor e coñecemento do seu alumnado, a listaxe de aulas CeMIT ás que poderán acudir para realizar os seus exames. A dita relación estará dispoñible e actualizada no enderezo <https://cemit.xunta.gal>.





A **Oficina CeMIT** encargarase de:

1. Para cada unha das aulas participantes na iniciativa, dar de alta en XEA unha charla diaria coa tipoloxía "Exames universitarios" entre o 1 de xuño de 2020 ao 31 de xullo de 2020, co nome de "*Conectividad - Exame para universitari@s*" e en Observacións indicar: "Soamente poderán inscribirse nestas probas os universitari@s das facultades galegas que precisen realizar os seus exames e non dispoñan no seu fogar de conectividade. Será necesario acudir co equipamento propio á aula para poder realizar o exame".
1. Enviar aos axentes TIC das aulas participantes un correo electrónico que conteña:
 - a. O presente protocolo.
 - b. O manual de conexión Wifi RCXG_Convidados (da Amtega), para garantir o seu coñecemento.
 - c. A listaxe de actividades creadas.
2. Atender dúbidas e consultas por parte dos axentes TIC responsables das aulas CeMIT.
3. Realizar o seguimento das actividades:
 - a. Analizar o volume de universitarios/as que empregan a Rede CeMIT para realizar os exames.
 - b. Recoller feedback dos responsables das aulas CeMIT para acadar unha mellora continua no proceso.

Os **axentes TIC e responsables das aulas CeMIT**, encargaranse de:

1. Cumprimentar e adecuar o número de prazas segundo o aforo e as limitacións de espazo especificadas polas autoridades sanitarias en cada momento para todas as actividades creadas por parte de Oficina CeMIT no marco desta iniciativa.
2. Revisar diariamente as matrículas de cada unha das actividades e aceptar as solicitudes por orde de chegada ata completar o aforo permitido.
3. As actividades reservadas para o exame dos universitarios/as, que cunha semana previa non contén con ningún interesado/a, poderán eliminarse da plataforma XEA e dispoñer deste tempo para a realización doutra actividade na aula ou ofrecer o servizo de aula aberta para a cidadanía.
4. O día do exame, asesorar aos universitarios/as presentes na aula CeMIT para garantir a conexión dos seus dispositivos segundo o disposto no Manual de conexión Wifi RCXG_Convidados (da Amtega).
5. Ao finalizar a proba:
 - a. Cumprimentar a asistencia en XEA e pechar a actividade para garantir un correcto cómputo da participación nesta iniciativa.
 - b. Trasladar á Oficina CeMIT os comentarios que se consideren co fin de mellorar o proceso.
6. Atenderán as dúbidas que puidesen xurdir durante todo o proceso de alta dos usuarios/as, reserva de praza e utilización da aula, sen que isto implique responsabilidade ningunha ante os posibles fallos de conectividade que poidan xurdir durante a celebración das probas.





O **alumnado** interesado en acudir a unha aula CeMIT deberá:

1. Rexistrarse coma usuario/a da Rede CeMIT na [Web de CeMIT](#) premendo no botón "Alta nova/o usuaria/o", ou directamente na URL: <https://aulascemit.xunta.es/usuarios/spring/usuarios>
Ao finalizar o proceso, remitirase un correo electrónico coa confirmación da alta e o nome de usuario e o contrasinal.
2. Solicitar a reserva de praza para poder realizar o exame na aula da localidade de interese con máis dunha semana de anticipo:
 - a. Acceder a <https://cemit.xunta.gal/buscador>
 - b. Incluír no buscador "Conectividad - Exame para universitari@s" e premer na lupa para buscar. Tamén será posible filtrar por centro, por localidade, etc..
 - c. Unha vez atopada a convocatoria de exame na localidade, día e hora correcta, seleccionar o botón "Reservar" (Esta opción estará habilitada sempre que haxa prazas dispoñibles).
 - d. Introducir o usuario e contrasinal facilitados no correo electrónico durante o proceso de alta realizado no paso 1.
 - e. E premer en "Solicitud de inscrición" (Recibirase un correo cunha notificación coa solicitude de matrícula)
3. Esperar a que o responsable da aula CeMIT acepte a solicitude. Ante calquera dúbida, contactar co Axente TIC por teléfono ou correo electrónico dispoñible na seguinte ligazón: <https://cemit.xunta.gal/centros>
4. Aceptada a solicitude, presentarse na aula:
 - a. Coas medidas de seguridade recomendadas: mantendo as distancias de seguridade de 2 metros, emprego de luvas e mascarilla e hixiene de mans. As mascarillas, luvas e demais medidas de protección serán por conta do alumno.
 - b. Co equipamento propio para a realización do exame: portátil, tablet, ou o dispositivo que dispoña dos requirimentos necesarios para realizar o exame.
 - c. Co teléfono móbil para poder darse de alta para o uso da rede Wifi da Xunta de Galicia.
 - d. Con 30 minutos de adianto á proba do exame para poder conectar á rede o equipamento e facer as comprobacións oportunas.
 - e. No caso de que a proba a realizar conteña audio, o alumno levará auriculares para non molestar ao resto de usuarios.
5. Para calquera aclaración ou problema, contactar con Oficina CeMIT no correo cemit@xuntal.gal ou no teléfono 981 910 359.

6. Seguimento

Periodicamente realizarase un seguimento do número de universitarios/as que acoden ás aulas CeMIT para realizar os seus exames e as aulas empregadas.



Adicionalmente, lanzarase unha enquisa ás aulas participantes na iniciativa e que finalmente contan con usuarios/as activos para identificar necesidades, problemas e propoñer melloras no proceso.





ANEXO II

MODELO DE COMPROMISO DAS ENTIDADES LOCAIS PARA PARTICIPAR NA INICIATIVA PARA A REALIZACIÓN DE EXAMES UNIVERSITARIOS NAS AULAS DA REDE CEMIT

Don/a, con DNI, en calidade de responsable da aula CeMIT da entidade local de e co seguinte cargo público na entidade local

Manifesta a súa conformidade para que a aula CeMIT da que é responsable forme parte da iniciativa para a realización dos exames universitarios no marco do *convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña, a Universidade de Vigo e a Federación Galega de Municipios e Provincias relativo á posta a dispor da Rede CeMIT para facilitar a realización dos exames correspondentes ao curso universitario.*

E comprométese a cumprir coas obrigas establecidas en dito convenio para as entidades locais na cláusula terceira e no protocolo que figura no Anexo I e a facilitar os seguintes datos para cada unha das aulas CeMIT participantes por parte da entidade local:

<p>Enderezo da Aula CeMIT</p> <p><i>(Localización da aula: nome da vía, número, planta, CP, parroquia, lugar, concello, localidade, provincia)</i></p>	
<p>Nome da persoa responsable institucional da aula na entidade local e datos de contacto</p> <p><i>(Nome, apelidos, teléfono de contacto e correo electrónico)</i></p>	
<p>Nome da persoa responsable da aula (axente TIC) e datos de contacto</p> <p><i>(Nome, apelidos, teléfono de contacto e correo electrónico)</i></p>	





Horario de apertura da aula

(Indicar o horario para cada día da semana)

E para que conste, asino a presente compromiso en..... a de
..... de 2020.

Asdo.:

(Sinatura e selo)

